

Manifesto de apoio ás persoas LGTBIQ+

O 28 de xuño é un chamamento á visibilidade, ao coñecemento e ao respecto das persoas LGTBIQ+. Unha xornada na que o colectivo pon o foco en algo tan inherente ao ser humano como é a diversidade, que no eido de percepcións e sentimentos deriva nas diferentes identidades persoais e sexuais. O 28 de xuño trátase por tanto dunha lembranza, dunha celebración e dunha reivindicación do principio máis esencial das persoas: “todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos” (*Declaración Universal de Dereitos Humanos*; N.U. 1948. Artigo 1º).

O espírito e cor das marchas que proclaman o dereito a ser un/unha mesmo/a, a vivir e a desenvolverse como cada persoa decida, convive coa outra gran data para estas persoas: o 17 de maio, Día Internacional contra a LGTBIQfobia. Porque a causa LGTBIQ conta na súa historia capítulos tan penosos como soportar a persecución criminal ou tratamentos e terapias coma se estivesen enfermos/as. De feito esta outra data de denuncia proclamouse o día de 1990 en que a Organización Mundial da Saúde desbotou a homosexualidade da lista de trastornos mentais. A transexualidade non saíu desa clasificación ata 2018.

Este ano cúmprense tres décadas da declaración expresa por parte do Consello de Europa do dereito á autodeterminación sexual de homes e mulleres. Pero a pesar destes logros cara a normalización, saírse do patrón heterosexual e cixnénero segue a ser un camiño espiñoso, con perigo incluso para a propia integridade física. Segundo os últimos datos do Ministerio do Interior, a terceira causa de delitos de odio cometidos en España foron atentados contra a orientación sexual ou identidade de xénero con 278 casos, 12 deles en Galicia. Os rexistros da Federación Estatal de LGTBI multiplican estas cifras por tres ao computar os casos nos que as vítimas non cursan denuncia ou son atentados que non constitúen delito penal.

Como marco da administración no que se desenvolven as actuacións e políticas en calquera materia social e de dereitos humanos e especialmente no que respecta á igualdade, as entidades locais galegas manifestamos o noso firme posicionamento e compromiso a favor das persoas LGTBIQ+ e por tanto:

- Condenamos calquera discriminación ou atentado tanto físico coma verbal contra as persoas LGTBIQ+
- Procuramos o benestar e respecto aos dereitos de calquera persoa, sexa cal sexa a súa identidade ou orientación sexual

- Manifestamos a nosa preocupación polo aumento do discurso do odio e a intolerancia e traballamos para erradicar dende a política local estas condutas en calquera das súas formas ou circunstancias
- Censuramos os espazos que se proclaman “libres de LGTBIQ+”, eufemismo que empregan para repudialos. A eles nos enfrontamos declarándonos “municipios de liberdade” para todas as persoas, independentemente da súa identidade de xénero ou afinidade sexual
- Promovemos a igualdade, empoderamento e integración do colectivo LGTBIQ+ con plans específicos acordes á súa realidade e necesidades
- Colaboramos coas asociacións en defensa deste colectivo para a detección de necesidades, deseño de protocolos de actuación, visibilización da súa situación, accións de sensibilización e calquera outra medida favorable dependente da administración local
- Lideramos o movemento para a construción dunha sociedade inclusiva, segura e con solucións para todos e todas

E para que así conste formalmente queda aprobado dito manifesto na Comisión Executiva da Federación Galega de Municipios e Provincias o día 22 de xuño de 2021.